



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 15 de setembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

10.- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NOS PROCESOS SELECTIVOS DA 3^a FASE DA OEP 2017-18-19, COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E LUGAR E DATA DA PRIMEIRA PROBA. EXPTE. 41019/220

Dáse conta do informe-proposta de data 11/09/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Na sesión do 8 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos da 3^a fase da OEP 2017-18-19, así como a composición dos órganos de selección e o lugar e data da primeira proba.

II.- Detectouse de oficio un erro na especificación da quenda do proceso selectivo para as prazas ofertadas de programador/a informático/a na sección correspondente á designación do persoal que conforma os órganos de selección.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No presente caso, no acordo de XGL de data 8 de xuño de 2023 constaba os seguinte dato no punto terceiro do acordo:

“PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1) (promoción interna)”

Cando debería dicir:

“PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1)”

xa que o órgano de selección está designado para a quenda libre e a de promoción interna.

II.- Competencia:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2023 10:15	Páxina 1 de 3
41019-220	CSV: A5A73B-B5A6CH-5HA654-DV5MXY-2UF777-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2023, 20/06/2023, 28/06/2023 e 22/06/2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

I.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado no punto terceiro da proposta de acordo de data 1 de xuño de 2023 aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 8 de xuño de 2023 (designación do persoal que conforma os órganos de selección), de tal modo que onde di:

“PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1) (promoción interna)”

debe dicir:

“PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA (C1)”

mantendo os restantes termos do acordo.

II.- Notificar o presente acordo ás persoas integrantes do órgano de selección afectado e publicalo na web municipal (www.vigo.org) e no taboleiro de edictos para xeral coñecemento.

III.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2023 10:15	Páxina 2 de 3
41019-220	CSV: A5A73B-B5A6CH-5HA654-DV5MXY-2UF777-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

Documento asinado



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/09/2023 10:15	Páxina 3 de 3
41019-220	CSV: A5A73B-B5A6CH-5HA654-DV5MXY-2UF777-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		